

OS CRITERIOS PARA DECIDIR UN INTERNAMENTO INVOLUNTARIO



Esta obra está baixo unha licenza de [Creative Commons](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

Os Criterios

- Á hora de decidir si se realiza un internamento involuntario, propúxose un modelo coñecido como a **teoría dos cinco pasos** . Segundo esta teoría débese proceder ao internamento se se cumpren os cinco pasos.

Os Criterios

- 1) Realización dun diagnóstico fiable dunha enfermidade mental severa: segundo Stone, isto significa que varios médicos estarían de acordo no diagnóstico. A falta dun diagnóstico claro cuestiona a indicación de internamento involuntario.

Os Criterios

- 2) Valorar se o prognóstico a curto prazo supón un gran estres: ou dito doutro xeito ¿Que pode pasar se non facemos nada?. Existen moitos trastornos nos que, de non actuar, o sufrimento do/a enfermo/a vai continuar debido a súa psicopatoloxía. Neste punto entraría en consideración a predición da perigosidade e agresións a terceiros. A consideración de risco inminente de conduta violenta tamén nos orientaría cara ao ingreso.

Os Criterios

- 3) Valorar se, en caso de internamento, poderíase fornecer un tratamento adecuado, de acordo coas necesidades do/a enfermo/a e as dispoñibilidades do hospital: na decisión deben considerarse as posibilidades de mellora de acordo aos tratamentos dispoñibles. Con isto preténdese, evitar o tratamento cunha finalidade meramente custodial, e que teña intencións auténticamente terapéuticas.

Os Criterios

- 4) Valorar se a enfermidade diagnosticada diminúe a capacidade do/a enfermo/a de aceptar un tratamento: este punto é similar á cuestión da competencia para outorgar consentimento informado. Deste xeito , é preciso **determinar cómo repercute a alteración psicopatolóxica na decisión concreta de aceptar a hospitalización.**

Os Criterios

- Cando o/a **enfermo/a** expresa claramente o seu **rexeitamento**, o/a psiquiatra debe **demostrar** que a argumentación utilizada é **irracional**, e baséase ou **está relacionada coa enfermidade** que se lle diagnosticou. Non hai que esquecer a existencia de **individuos de comportamento extravagante** que forma parte dos seus trazos de personalidade e esquema de valores, e non é consecuencia dunha patoloxía psiquiátrica.

Os Criterios

- 5) Considerar se unha persoa normal, atopándose na mesma situación que o/a enfermo/a, rexeitaría o tratamento ofrecido: a cuestión a suscitarse sería se unha **persoa razoable**, renunciaría a parte da súa liberdade nunha institución, a cambio dun **tratamento** que ofrece unhas determinadas **posibilidades de curación**.

Os Criterios

- Esta **teoría dos cinco pasos** supón un cambio respecto da filosofía tradicional do internamento involuntario, xa que o razoamento utilizado fundamentase en **criterios clínicos, sociais e asistenciais**. Como se pode ver, a función de control que se lle adoita dar ao internamento queda nun segundo plano.